



Actualizada a 21/01/2026

CIRCULAR 18-2026

XIII CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE LANZAMENTOS LONGOS ABSOLUTO E SUB 23

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza, o 1 de febreiro nas pistas da Universidade de Santiago de Compostela, o Campionato Xunta de Galicia de Lanzamentos Longos Absoluto e Sub 23.

Art.2).- Poderán participar atletas con licenza en vigor pola FGA.

- Poderán participar, en cada especialidade, os/as 12 atletas inscritos/as con mellor marca durante as tempadas 2025 e 2026.
- En categoría Sub 23 poderán participar un mínimo de 3 atletas con marca acreditada durante as tempadas 2025 e 2026.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 23:45 horas do luns 19 de xaneiro.

Art.4).- Prazo ordinario de comunicación de baixas.

- Rematará ás 14:00 horas do venres 23 de xaneiro e serán remitidas a competicion@atletismo.gal

Art.5).- A presentación de artefactos persoais para a súa homologación pechará 1h antes do comezo da súa proba, agás na proba de xavelina, para a que pechará 1h30' antes do seu inicio.

Art.6).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.7).- Cámara de chamadas

- Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto, e deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.

Art.8).- Horario (poderá ser modificado en función das inscricións)

APERTURA CÁMARA CHAMADAS	PECHE CÁMARA CHAMADAS	SAÍDA A PISTA	HORA	PROBA	ENTREGA DE PREMIOS
9:40	9:45	9:50	10:15	Martelo Masc	11:30
11:05	11:10	11:15	11:40	Martelo Fem	13:00
12:30	12:35	12:40	13:05	Disco Masc	14:00
14:55	15:00	15:05	15:30	Disco Fem	17:00
16:20	16:25	16:30	16:55	Xavelina Masc	18:30
17:45	17:50	17:55	18:20	Xavelina Fem	19:30



Actualizada a 21/01/2026

Art.9).- Pasarán á mellora as 8 mellores marcas, independentemente da súa categoría, e disporán doutros 3 intentos.

Art.10).- Un atleta pode ser excluído de participar en tódalas probas posteriores da competición, no seguinte caso:

- Estando admitido para unha proba e, non comunicada a súa baixa nos prazos recollidos no Art.12, non tome parte da mesma.

Art.11).- Os/as tres primeiros/as atletas clasificados/as a nivel absoluto e da categoría Sub 23 recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao podio. No caso contrario, non se fará entrega da medalla.

Art.12).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a competicion@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta.
- Calquera baixa con posterioridade ás 23:59 do mércores previo ó inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5€ por proba.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

Art.13).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 13 de xaneiro do 2026

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo